

MEMORY



OS MEMORY SON XOGOS DE CARTAS PARA ENTRENAR A NOSA MEMORIA.

Como se xoga?

Para comezar a partida, debemos mesturar todas as cartas boca abaixo e estiralas por unha superficie plana.

O primeiro xogador daralle a volta a dúas cartas, se son iguais, lévaas e repite turno; senón deberá deixalas na mesma posición en que as colleu.

O seguinte xogador repetirá o proceso, e así sucesivamente ata que non queden cartas.

Gaña a persoa que máis parellas de cartas conseguise.

PROPOSTA:

CREAR O VOSO PROPIO MEMORY

COMO SE FAI?

Recortaremos un número par de tarxetas de igual tamaño en cartón (por exemplo, dunha caixa de cereais), cartolina, ou en folios, pero de usar estes últimos sería conveniente pegar un sobre outro antes de recortar, para asegurarnos de que os debuxos non se transparenten pola parte posterior.

Hai que facer tantas parellas de tarxetas como queiramos, pero teremos en conta que a maior número de parellas, maior dificultade do xogo.

Outra opción é que, se tedes impresora, imprimades un xogo deste tipo. Deixámosvos un enlace a unha web onde podedes atopar versións para imprimir:

<http://www.memo-juegos.com/juegos-de-memoria-para-imprimir>

Tamén podedes consultar o enlace para inspirarvos cos debuxos.

E a XOGAR!!!

Se queredes ensinarnos o voso memory ou
contarnos que vos pareceu este xogo
estaremos encantad@s de que nos
escribades. Podedes facelo ao enderezo:

leticiateijido@edu.xunta.es

Animádevos a facelo e a xogar!